

ACTO PRIMEIRO

(Salón dunha pousada. Entran a MARQUESA de FORLIPÓPOLI e a CONDESA de ALBAFLORIDA coa súa criada, FLORINDA).

MARQUESA.- Entre eu e vós hai certas diferencias.

CONDESA.- Nesta pousada tanto vale o voso diñeiro coma o meu.

MARQUESA.- Mais se o pousadeiro me outorga certas distincións é porque as merezo máis ca vós.

CONDESA.- ¿E por que?

MARQUESA.- Eu son a Marquesa de Forlipópoli.

CONDESA.- E eu son a CONDESA de Albaflorida.

FLORINDA.- (Acomodando á CONDESA no seu sillón) ¿Está ben así, señora?

CONDESA.- (Facendo un aceno á súa criada para que se retire) Vai, vai...

MARQUESA.- ¡Basta! Eu son quen son e débese-me un respecto.

FLORINDA.- (Aparte) Respecto, respecto. Sempre está coa mesma... Mira que é aborrecidiña a pobre.

CONDESA.- ¿E quen vos falta ao respecto? Sodes vós a que por falar tan á lixeira...

MARQUESA.- Eu estou nesta pousada porque son moi "amiga" do pousadeiro. Todos o saben.

CONDESA.- ¡Vaiche boal! ¿E que queredes, impedir-me que eu simpatice con Mirandolo? ¿Por que pensades que estou nesta pousada?

MARQUESA.- Está ben. Pero non conseguiredes nada.

CONDESA.- Eu non, ¿e vós si?

MARQUESA.- Eu si e vós non. Eu son quen son, Mirandolo precisa do beneficio da miña posición.

CONDESA.- O que precisa son cartos e non posición.

MARQUESA.- ¿Cartos? Diso non falta.

CONDESA.- Eu gasto de continuo en agasallos para el, señora Marquesa.

MARQUESA.- Pois eu, do que fago nada digo.

CONDESA.- Dicir, non diredes, mais é cousa ben sabida.

FLORINDA.- (Aparte) Tres patacos xustiños ao día. Unha miseria.

CONDESA.- Florinda, vai ver se precisa algo a criada da pousada para acabar de preparar o meu xantar.

FLORINDA.- Vou, señora. (Vaise)

MARQUESA.- Falando de criadas, a min a tal Fabricia non me gusta nada. Teño para min que o pousadeiro a mira con bo ollo.

CONDESA.- Se cadra, quere casar con ela. E non estaría mal a cousa. Vai para seis meses que lle morreu a nai, con quen levaba esta pousada sen dificultades.

MARQUESA.- ¿Quen anda aí?

(Entra FABRICIA)

FABRICIA.- (Á Marquesa) ¡Mande a señora!

MARQUESA. - ¿Señora? ¿Esa é a educación que che deprenderon, Fabricia?

FABRICIA. - Excusade.

CONDESA. - (*A FABRICIA*) Dime, ¿como está o noso pousadeiro?

FABRICIA. - Está ben, ilustrísima señora.

MARQUESA. - ¿Ergueuse xa do leito?

FABRICIA. - Si, ilustrísima señora.

MARQUESA. - ¡Burra!

FABRICIA. - ¿Por que, ilustrísima señora?

MARQUESA. - ¿Que é iso de ilustrísima?

FABRICIA. - E o tratamento que lle dei a estoutra dama.

MARQUESA. - Entre ela e eu hai certa diferenza.

CONDESA. - (*A FABRICIA*) ¿Oíches?

FABRICIA. - (*Baixiño, á CONDESA*) Está no certo, hai boa diferenza. Nótase nas propinas.

MARQUESA. - Dille ao patrón que veña onda min, teño que falar con el.

FABRICIA. - Si, excelencia. ¿Trabuqueime desta?

MARQUESA. - Está ben. Hai tres meses que o sabes, pero es unha impertinente.

FABRICIA. - O que mande, excelencia.

CONDESA. - ¿Quieres catar a diferenza que hai entre a Marquesa e eu?

MARQUESA. - ¿Que queredes dicir?

CONDESA. - Toma. Douche unha moeda, dille a ela que che dea outra.

FABRICIA. - (*Á CONDESA*) Gracias, ilustrísima. (*Á MARQUESA.*) Excelencia...

MARQUESA. - Non tiro co diñeiro parvamente. Vaite.

FABRICIA. - (*Á CONDESA.*) Ilustrísima señora, que o ceo vos bendiga. Excelencia... (*Para si*) ¡Roñosa! En terra allea, para se facer valer, cómpren cartos e non títulos. (*Vaise*)

MARQUESA. - Pensades que podedes achicarme con regalos pero diso nada. Vallo eu máis por alcurnia ca vós por fortuna.

CONDESA. - Vós valedes pero eu gasto.

MARQUESA. - Gastade, pois, ás mancheas. O pousadeiro non vos estima.

CONDESA. - Con toda esa grande nobreza que tendes, ¿coidades que é a vós a quen estima? Aquí o que conta é o diñeiro.

MARQUESA. - ¿Que diñeiro? O que conta é a posición social. O que cómpre é darse a respectar.

(*Entra a SEÑORA da PENACRECHA desde o seu aposento*)

SEÑORA. - Amigas, ¿A que vén este balbordo? ¿Teñen as vosas mercedes algunha disensión?

CONDESA. - Estabamos a discutir unha interesantísima cuestión.

MARQUESA. - (*Irónica*) A condesa discute comigo sobre o valor da nobreza.

CONDESA. - Eu non lle nego mérito á nobreza, mais estou en que para matar antollos, o que cómpre son cartos.

SEÑORA. - Certamente, querida Marquesa.... ¿E como se chegou a tal liorta?

CONDESA.- Polo motivo máis ridículo do mundo.

MARQUESA.- ¡Si, xa! Para a condesa todo é ridículo.

CONDESA.- A señora marquesa ama ao noso pousadeiro. Eu tamén, e aínda máis ca ela. Ela pretende ser correspondida como tributo á súa nobreza e posición; eu, como recompensa ás miñas atencións. ¿Non se vos fai ridícula a cuestión?

SEÑORA.- Verdadeiramente, a cousa merece ben pouca discusión. ¿É por un home que estades alteradas e descompostas? ¡O que tal hai que oír! ¿Un home? Eu, desde logo, non penso discutir por cousa de homes. Nunca os ameí, nunca os estimei e sempre tiven para min que o home é, para as mulleres, o máis terrible dos andacios.

MARQUESA.- Pois eu estou en que Mirandolo é home de gran valía.

CONDESA.- Niso a señora Marquesa leva razón. O noso pousadeiro é verdadeiramente xentil.

SEÑORA.- Facédesme rir. ¿Que pode ter este home que os outros non teñan?

MARQUESA.- Ten unha nobreza no trato que engaiola.

CONDESA.- É fermoso, fala ben, ten xeito no vestir e nas maneiras...

SEÑORA.- Todo iso non vale un mal pataco. Hai tres días que estou nesta pousada e non me causou ningún efecto.

CONDESA.- Olládeo ben e acharedes nel cousa boa.

SEÑORA.- ¡Toleiradas! Vino xa dabondo. É un home como os demais. ¡Homes! ¡Vai de aí, diaño!

CONDESA.- ¿É que vós nunca estivestes namorada?

SEÑORA.- Non, nunca, nin penso estalo. Armaron o demo por me casar, pero sempre me neguei.

MARQUESA.- Mais vós sodes vinculeira. ¡Teredes que pensar na sucesión!

SEÑORA.- Xa teño cavilado niso, pero cando penso que para ter fillos tería que aturar a un home, vánseme as ganas de contado.

CONDESA.- ¿E que ides facer coa vosa fortuna?

SEÑORA.- Disfrutala, amigas, disfrutala.

CONDESA.- Disculpade un momento... Florinda, Florinda, ven un momento.

(Entra FLORINDA, apurada)

FLORINDA.- ¿Que desexa a señora?

CONDESA.- Trae unha caixa de madeira que está enriba da mesa do meu cuarto, por favor.

FLORINDA.- Como vostede mande. Veño axiña.

CONDESA.- Criada fiel e traballadora. Vostede está aquí sen criados, señora Marquesa, ¿non é certo?

MARQUESA.- As miñas cousas seinas eu, e xa sabe vostede que non me gusta gabarme dos meus posible. Aquí estou perfectamente atendida, non teño que dicilo.

CONDESA.- Non, non ten que dicilo.

FLORINDA.- Aquí esta a caixa, señora. ¿Precisa algo máis?

CONDESA.- Vai comprar aquela colonia que encargamos pola mañá.

FLORINDA.- Si, señora. Axiña vou.

CONDESA.- Aquí ven o pousadeiro. Mirádeo, non digades que non é adorable.

SEÑORA.- ¡Pois mira til, eu prefiro cen veces un bo vestido de París.

MARQUESA.- Pois se a vós non vos praxe, a min si.

SEÑORA.- Aí o tendes.

(Entra O **POUSADEIRO**)

POUSADEIRO.- Os meus saúdos, xentís damas. ¿Quen quería verme?

MARQUESA.- Quería verte eu, mais non aquí.

POUSADEIRO.- ¿Pois onde logo, excelencia?

MARQUESA.- No meu apousento.

POUSADEIRO.- ¿No voso cuarto? Se precisades algo está a criada para serviros.

MARQUESA.- (Á **SEÑORA**) ¿Que me dices desa súa ponderación?

SEÑORA.- O que para vós é ponderación para min é impertinencia.

CONDESA.- Querido Mirandolo, eu vouche falar en público sen o enredo de vires ao meu apousento. Olla esta pipa. ¿Práceche?

POUSADEIRO.- É bonita.

CONDESA.- É de marfil, ¿sabes?

POUSADEIRO.- ¡Si! Seino ben. Eu tamén entendo algo.

CONDESA.- Pois está á túa disposición.

SEÑORA.- (*Baixiño, á CONDESA*) Miña amiga, iso é tirar os cartos.

POUSADEIRO.- ¿E por que me queredes dar este agasallo?

CONDESA.- Está feita en China. Acéptaa como proba da miña estima.

SEÑORA.- (*Aparte*) ¡Estará tola!

POUSADEIRO.- Non, de veras, señora.

CONDESA.- Será unha ofensa para min se non a colles.

POUSADEIRO.- Non sei., eu quero estar a ben cos meus hóspedes. Vouna coller por non ofender á señora condesa.

SEÑORA.- (*Aparte*) ¡Ah, laberco!

CONDESA.- (Á **SEÑORA**.) ¿Que me dices da súa agudeza?

SEÑORA.- (Á **CONDESA**) ¡Pois vaia agudeza! Apañoana e nin as grazas vos deu.

MARQUESA.- Realmente, señora condesa, o voso foi de mérito. Regalar en público a un home. ¡Que vaidade! Mirandolo, temos que falar en privado eu e mais ti.

POUSADEIRO.- (*Aparte*) ¡Que rúcana, non arrea nada! Se non precisan máis de min, eu voume.

SEÑORA.- ¡Ei, patrón! A roupa de cama que me destes non me gusta. Se non tendes nada mellor, verei de procurala eu mesma.

POUSADEIRO.- Señora, daréivola máis boa. Seredes servida, pero coido que podiades pedila cun pouco máis de cortesía.

SEÑORA.- Onde pago con diñeiro non teño porque andar con miramentos.

CONDESA.- (*Ao POUSADEIRO*) Tenlle compaixón. É unha inimiga mortal dos homes.

SEÑORA.- Eh, que eu non preciso que ninguén me compadeza.

POUSADEIRO.- ¿Inimiga dos homes? ¿Pero que lle fixeron? ¿Por que é tan cruel con nós, señora?

SEÑORA.- Vale xa. Cámbieme a roupa da cama. Mandarei a miña criada. Amigas, son a vosa servidora. (*Sae*)

FLORINDA.- Señora **CONDESA**. Xa estou de volta co seu encargo.

CONDESA.- Moi ben, imos ver. Acompáñame Florinda. Señoras, estarei no meu apouso por se precisan algo. Retírome. (*Saen*)

MARQUESA.- (*Aparte*) ¡Maldita condessa! Vaime matar co conto do diñeiro e das criadas.

POUSADEIRO.- (Probando a pipa) Certamente a señora condessa tómasese demasiadas molestias.

MARQUESA.- Esta ten catro cans e gasta por vaidade, por gabanza. Xa a coñezo eu, ben sei como vive a xente coma ela.

POUSADEIRO.- Como vive a xente tamén o sei eu.

MARQUESA.- Pensan que os homes coma vós se conquistan con regalos.

POUSADEIRO.- Os regalos non lle fan mal a ninguén.

MARQUESA.- Para min sería facerche un aldraxe se tentase conquistarte con regalos. Mais, no que eu poida, a mandar.

POUSADEIRO.- Compriría que eu soubese en que pode a vosa excelencia.

MARQUESA.- En todo. Fai a proba.

POUSADEIRO.- Pero, ¿en que, por exemplo?

MARQUESA.- ¡Por Xuncras! Tes un mérito que sorprende. Tiñas que saber que se eu non fose pola miña nobreza...

POUSADEIRO.- ¿Que fariades?

MARQUESA.- ¡Cornos do demo! Pois casaría contigo. (*Vaise*)

POUSADEIRO.- ¡Mira o que me dixó! ¡A excelentísima señora Marquesa da tacañeira casaría comigo!

NAI PANTASMA.- De todas formas, aínda que quixese casar comigo, habería un pequeno problema: ti non deberías.

POUSADEIRO.- Eu gusto das castañas pero non do farrusco. Ola nai, non sabía que estabas aquí.

NAI PANTASMA.- Se casases con tódolas que din que te queren.

POUSADEIRO.- ¡Non me faltarían esposas, non!

NAI PANTASMA.- Non sabía que te fixera tan encantador. Todas cantas chegan a esta pousada acaban namoradas de ti, fillo. Todas a facerche as beiras, e as máis delas mesmo queren casar.

POUSADEIRO.- ¡É que esta señora da Penacrecha sexa tan ríspida comigo! É a primeira que chega a esta pousada e non debece por falar-me. Non digo eu que se teñan que namorar de súpeto pero... ¿É inimiga dos homes? ¿Non os pode ver?

NAI PANTASMA.- ¡Coitadiña! Aínda non daría con un que a leve a xeito. Xa dará. Estas son as mulleres que te rebelan, seino ben. As que te andan ao rabo pronto te cansan. Para min nese mundo, e neste o meu orgullo é verte servido e adorado. Moitas veces penso no día en que te cases e no que me gustaría estar alí.

POUSADEIRO.- En casar aínda nin penso

NAI PANTASMA.- Xa vexo, tratas con todas pero de ningunha te namoras... Pero ten coidadiño coa "inimiga dos homes"

(*Entra FABRICIA*)

FABRICIA.- ¡Eh, meu amo!

POUSADEIRO.- ¿Que queres, Fabricia? .

FABRICIA .- A cliente que ocupa o aposento do medio ten queixas da roupa de cama, di que é ruín e que lle poña outra.

POUSADEIRO.- Si, xa o sei, tamén mo dixo a min e quero compracela.

FABRICIA .- Está ben. Déame logo a roupa que lla vou levar.

POUSADEIRO.- Deixa, deixa, xa lla levo eu.

FABRICIA .- ¿Vostede?

POUSADEIRO.- Eu, si.

FABRICIA .- Seica ten moito interese por esa forasteira.

POUSADEIRO.- Teño interese por todos os meus hóspedes. Ti atende ó teu.

FABRICIA.- (*Aparte*) Xa vexo. Non hai nada que facer. El faime o conto pero nada.

POUSADEIRO.- (*Aparte*) ¡Coitadiña! Ten pretensións. Teño que lle dar esperanzas para que me sirva fielmente.

FABRICIA .- É costume de sempre que sexa eu quen sirva aos clientes, sobre todo ás damas.

POUSADEIRO.- Ti es un chisco ruda de máis cos hóspedes.

FABRICIA .- E vostede é un chisco amable de máis con "esta".

POUSADEIRO.- Eu ben sei o que fago. Non preciso inquisidores.

FABRICIA .- Ben, ben. Pois procúrese outra criada.

POUSADEIRO.- ¿Por que, Fabricia? ¿Tes queixas de min?

FABRICIA .- ¿Lembra vostede o que a súa nai nos dixo aos dous denantes de morrer?

POUSADEIRO.- Si, cando queira casar lembrarei o que miña nai me dixo (*Vaise*)

FABRICIA.- (*Queda meditando*)

NAI PANTASMA.- Pobre Fabricia: Ás veces semella que o meu fillo a quere, outras que non o quere. A pobre non sabe que pensar porque Mirandolo fai o que lle peta. O meu filliño vaille a Fabricia, ela quéreo ben e sei que de boa gana arranxaba con el os seus asuntos no que lle queda de vida...

FABRICIA .- Cómpre facer o parvo e deixar correr a cousa. No cabo, os hóspedes van e veñen. Eu quedo aquí e levarei sempre a mellor tallada. (*Vaise*)

(Sae a NAI PANTASMA e crúzase coa Señora da Penacrecha e a súa CRIADA)

CRIADA.- Señor, chegou esta carta. (*Vaise*)

SEÑORA.- Tráeme o chocolate. (*Abre a carta*) "Siena, un de Xaneiro de 1753". (*Aparte*) ¿De quen será? (*En alto*) "Horacia Taccagni. Miña querida amiga. Pola boa amizade que hai entre as dúas véxome na obriga de avisarte da conveniencia de tornares á túa terra. Morreu o conde Manna..." (*Aparte*) ¡Pobre cabaleiro! ¡Que lle imos facer! "deixou o fillo solteiro, herdeiro de cento cincuenta mil escudos. As túas amigas quixeramos que fose para ti semellante fortuna e estamos a argallar..." Por min que non se cansen, que eu non quero entrar nesa lideira. De sobra saben elas que eu non quero homes. (*Rompe a carta*) ¡Homes a min! ¡Antes a peste!

(a MARQUESA e a antedita)

MARQUESA.-Amiga ¿Sería moito amocar se falamos un pouquiño?

SEÑORA.- Facédesme un honor.

MARQUESA.- En fin, non sei como empezar, teño un serio problema que agora me ten desacougada: administrador das miñas terras.

SEÑORA.- ¿E logo, fíxovos algunha falcatruada?

MARQUESA.- Non me foi home de palabra.

(A CRIADA cunha cunca de chocolate e as anteditas)

SEÑORA.- *(Á CRIADA)* Muller, si que o sinto, vas ter que facer outro.

CRIADA.- É que xa non queda, miña señora.

SEÑORA.- Entón haberá que mercar máis. *(Á MARQUESA)* Tomade deste, se queredes.

MARQUESA.- *(Colle a cunca de chocolate e bebe sen miramentos, e segue a falar e a beber)* Pois, este meu administrador, como vos eu estaba a dicir... *(Bebe)*

SEÑORA.-*(Aparte)* Alá vai o chocolate.

MARQUESA.- Tíñame prometido mandarme co ordinario...*(Bebe)* vinte cequí... *(Bebe)* E velaquí que non mos mandou... *(Bebe)*

SEÑORA.- Xa volos mandará doutra volta.

MARQUÉS.- O caso é..., o caso é... *(Remata de beber)* Tende. *(Dálle a cunca á CRIADA, o CRIADA vaise)* O caso é que estou nun apuro e non sei como valerme.

SEÑORA.- Oito días máis, oito días menos...! *(Aparte)* A ver como saio disto dignamente.

MARQUESA.- ¿Vos teriades problemas para me facer este favor por oito días?

SEÑORA.- Querida Marquesa, con pracer vos faría ese favor se puidese. De ter ese diñeiro xa volo tería ofrecido. Estou á espera dun envío e de momento...

MARQUESA.- Non me viredes con que non tendes diñeiro.

SEÑORA.- Mirade. Este é todo o meu capital. Non chega a dous cequí. *(Ensina un cequí e varias moedas)*

MARQUESA.- Emprestádemo, para ir tirando.

SEÑORA.- Pero eu...

MARQUESA.-¿De que tendes medo? Héivolo reintegrar.

SEÑORA.- Non sei que dicir..., tomade. *(Dálle o cequí)*

MARQUESA.- Teño un asunto que me apura..., amiga. Agradecido por esta: xa nos veremos no xantar. *(Vaise)*

SEÑORA.- ¡Estupendo! A señora marquesa quería meterme un calote de vinte escudos e acabou conformándose con un. Total, un cequí non é gran mágoa perdelo, e se non mo devolve, xa non me pedirá máis. O que xa me amola é que me deixase sen chocolate. ¡Que muller! En fin.

(entra Mirandolo)

POUSADEIRO.- *(Entrando con certo temor)* ¿Dá a súa licencia, ilustrísima?

SEÑORA.- *(Ríspido)* ¿Que quere?

POUSADEIRO.- *(Avanza un pouco)* Esta é a mellor roupa de cama que teño.

SEÑORA.-*(Acena para a mesíña)* Está ben. Levádea ao meu aposento.

POUSADEIRO.- (*Avanza un pouco máis*) As sabas son de Holanda. Esta roupa fíxena para as persoas principais, que lle saiban dar aprecio.

SEÑORA.- (*Aparte*) Desde logo, non se pode negar que o home é atento.

POUSADEIRO.- (*Aparte*) Pola cara que pon está claro que non gusta dos homes.

SEÑORA.- Déalle a roupa a miña criada ou déixea por aí. Non é preciso que se tome máis molestias.

POUSADEIRO.- (*Aparte, mentres vai deixa-la roupa*) ¡É dura de roer! Poida que todo quede en nada.

SEÑORA.- (*Aparte*) As parvas ven estas cousiñas, crenllo todo e caen perdidíñas.

POUSADEIRO.- (*Regresa. Xa deixou a roupa*) É para xantar, ¿ten cobiza por algo especial?

SEÑORA.- Mire, Mirandolo, tampouco por aí vai poder facer comigo o que fixo coa condesa e coa marquesa.

POUSADEIRO.- ¿Que me di das pretensións desas dúas señoras? Veñen a esta pousada para hospedarse e pretenden, ademais, namorar oa pousadeiro. Eu atendo ao meu, doulles boas palabras porque quero que sigan sendo clientas e cando vexo que se fan ilusións, río a escachón.

SEÑORA.- ¡Perfecto! Admiro esa franqueza.

POUSADEIRO.- ¡Ah, non terei outra virtude pero franqueza...!

SEÑORA.- Si, si, pero cas que lle fan as beiras ben que finxe.

POUSADEIRO.- ¿Finxir eu? ¡Líbreme o ceo! Pregunte a dúas señoras que me andan ó namoro se recibiron de min algún sinal especialmente garimeiro... Non as desprezio porque non me convén, pero pouco menos. Non aguanto ós homes que andan de cans tralas mulleres, nin ás mulleres que perden o siso polos homes. Teño os meus aniños pero nunca quixen casar porque estimo máis a liberdade.

SEÑORA.- Si, si. A liberdade é un gran tesouro.

POUSADEIRO.- ¿Ten marido, ilustrísima?

SEÑORA.- Non quero homes. (*Aparte*) ¡Extraña muller esta!

POUSADEIRO.- Con permiso da vosa ilustrísima. (*Fai que quere irse*)

SEÑORA.- ¿Ten presa por marchar?

POUSADEIRO.- Muller, non quixera importunala.

SEÑORA.- Non, non, se está moi ben

POUSADEIRO.- ¿Comprende? Eu fago así con todas: boto unha parrafadiña con eles, conto cousas divertidas e elas xa pensan que... Vostede xa me entende.., que é chegar e encher.

SEÑORA.- Iso pasa por ter boas maneiras.

POUSADEIRO.- (*Fai unha reverencia*) ¡Canta amabilidade, ilustrísima!

SEÑORA.- ¿E elas namóranse?

POUSADEIRO.- ¡Xa ve que parvada! Namorarse así dun home.

SEÑORA.- Iso é algo que nunca chegarei a entender. (*Aparte*) ¡Que raios terá este home que non é coma os outros!

POUSADEIRO.- (*Aparte*) Xa irá vindo ó rego, a sátira esta. Ben, señora, vou atende-las cousas da casa. Estes son os meus amores, os meus enredos. Se algo precisa mandarei á criada.

SEÑORA.- Vale..., e se algunha vez vén tamén vostede, será ben recibido.

POUSADEIRO. - Eu, realmente, non vou nunca polos apousentos das hóspedes, pero onda vós irei..., algunha vez.

SEÑORA. - ¿Onda min? ¿Por que?

POUSADEIRO. - Porque non perde o alento polos homes, porque non é das que se namoran.

(*Aparte*) ¡Que me corten as orellas se antes de mañá non a teño no papo! (*Vaise*)

SEÑORA. - ¡Ah! (*Suspira*) ¡Homes!

(Entra NAI PANTASMA)

NAI PANTASMA. - Este meu fillo podería facerte caer mellor que calquera outro, ¿non é? Esa sinceridade, esa soltura no falar...

SEÑORA. - Ten... un aquel especial, mais non por iso me deixarei enguedellar.

NAI PANTASMA. - Estase namorando, ¿perderá a súa liberdade?

SEÑORA. - Nada de nada. ¡Tolas, tolas están as que se namoran dos homes! (*Vaise*)

(Entran CONRADO, LEONARDO e FABRICIA)

FABRICIA. - Apousen aquí, ilustrísimos. Reparen nesoutra peza. Esa é para durmir e esta para comer e para recibir, para valerse dela como queiran.

LEONARDO. - Está ben. (A FABRICIA) ¿Dona ou criada?

FABRICIA. - Criada, ó voso servicio, ilustrísimo señor.

LEONARDO. - (*Baixiño, a CONRADO*) Dános trato de ilustrísimas.

CONRADO. - (*Baixiño, a LEONARDO*) Ti séguelle o conto. Mire...

FABRICIA. - Ilustrísima.

CONRADO. - Dígalle a dona que veña. Temos que falar das condicións.

FABRICIA. - Virá o dono (*Aparte*) ¿Quen raio serán estes dous homes? Polo porte e o vestir parecen cabaleiros. (*Vaise*)

LEONARDO. - Danos trato de ilustrísima. Tomounos por cabaleiros.

CONRADO. - Ben. Así daranos mellor trato.

LEONARDO. - A ver se con isto do título imos metemos nalgún sarillo.

CONRADO. - Hai que ter máis afouteza, meu amigo. Dous comediantes afeitos a facer en escena de condes, de marqueses e príncipes, ¿que problema poden ter en representar un papel nunha pousada?

LEONARDO. - Pero cando chegue o resto da compañía descubrirán o engano de seguida.

(FABRICIA e as anteditas)

FABRICIA. - O patrón virá nun intre para atendervos.

CONRADO. - Está ben.

FABRICIA. - Eu estou á súa disposición. Teño servido a outros cabaleiros e será para min un honor servir cumpridamente a señores tan ilustres.

CONRADO. - Chegado o caso, valereime de vostede.

LEONARDO. - (*Aparte*) Conrado estas comedias fainas bordadas.

FABRICIA.- (*Tira un tinteiro e un caderno*) No entanto, se os ilustrísimos señores tivesen a bondade de me da-los seus nobres nomes para o rexistro.

LEONARDO.- (*Aparte*) Agora vén o bo.

CONRADO.- ¿E por que hei de da-lo meu nome?

FABRICIA.- Os pousadeiros témo-la obriga de rexistrar nome, apelidos e condición dos viaxeiros que paran na pousada. ¡E pobre de quen non o faga!

LEONARDO.- (*Baixiño, a CONRADO*) Alá van os títulos, meu amigo.

CONRADO.- Se cadra, moitos darán nome falso.

FABRICIA.- ¡Ah...! Nos anotámo-lo nome que nos dan. O resto non é cousa nosa.

CONRADO.- Anote. Barón Conrado do Outeiro.

FABRICIA.- (*Escribindo*) ¿E vós, ilustrísimo?

LEONARDO.- Pois eu... (*Aparte*) Non sei que dicir.

CONRADO.- Veña, Conde Leonardo, dádlle o voso nome.

FABRICIA.- (*A LEONARDO*) Por favor.

LEONARDO.- Conde Leonardo do Solleiro.

FABRICIA.- Está ben así. Disimulen a molestia. Axiña vén o dono. (*Aparte*) ¿Ves como eran dous cabaleiros? Desta fago un bo negocio. Propinas non han faltar. (*Vaise*),

LEONARDO.- Servo humildísimo do señor barón.

CONRADO.- Conde, reverénciome ante vós.

(*Mófanse mutuamente con párrafos de comedias. Entra Mirandolo*)

LEONARDO.- (*A CONRADO, facendo a carantoña*) Cabaleiro, aduládesme.

CONRADO.- (*Fai o mesmo*) Conde, é moito máis o que cómpre ó voso mérito.

POUSADEIRO.- (*Aparte, antes de chegar*) ¡Que cabaleiros tan cerimoniaosos!

LEONARDO.- (*Aparte*) ¡Eu xa non podo máis co riso!

CONRADO.- (*Baixiño, a LEONARDO*) ¡Chitón, o patrón!

POUSADEIRO.- Señores, ó voso servicio.

CONRADO.- Bos días.

LEONARDO.- Teña os meus saúdos o señor amo.

CONRADO.- (*Acena a LEONARDO, para que se manteña no papel, rin ambos*) ¡Ei!

POUSADEIRO.- ¿Ri a vosa ilustrísima? ¿De que?

CONRADO.- ¡Ai, este Conde...! É por min. Dixen unha parvada que lle fixo gracia.

POUSADEIRO.- (*Aparte*) Para min que non son nobres cabaleiros. De séreno, virían acompañados e terían máis educación.

CONRADO.- (*Ao POUSADEIRO*) No tocante ás condicións, cómpre falarmos.

POUSADEIRO.- ¡Pero, como...! ¿Están sós? ¿Sen cabaleiros, sen servidores, sen ninguén?

CONRADO.- Miña esposa, a Baronesa...

(*LEONARDO ri ás gargalladas*)

POUSADEIRO.- (*A LEONARDO*) ¿De que rides, señor?

CONRADO.- A ver, ¿por que rides?

LEONARDO.- É pola Baronesa, vosa esposa.

CONRADO.- Si, é unha muller rexoubeira, sempre anda con choqueiradas. Chegará dentro de pouco coa Condessa Horacia, esposa do señor Conde, e os nosós criados.

(LEONARDO aguanta como pode co riso)

POUSADEIRO.- Señores, fáganme o favor. Estamos sós e ninguén nos sinte. Ese condado, esa baronía, non será que...

CONRADO.- ¿Que insinúa? ¿É que non acredita na nosa nobreza?

POUSADEIRO.- *(A LEONARDO)* Eu ben sei por onde vai, ilustrísima.

LEONARDO.- ¿Como?

POUSADEIRO.- Quería dicir que... ¿Para que xogar de reis non sendo máis que peóns? Non é certo?

LEONARDO.- E certo, é... ¿Como vos decatastes?

CONRADO.- ¡Mira ti que comediante! Non é quen de representa-lo seu papel.

LEONARDO.- É que fóra de escena non sei finxir.

POUSADEIRO.- Iso é, señor Barón. Esa franqueza é a que a min me vai. Eu gusto da xente con inxenio. Disponde desta pousada como se fose a vosa casa. O único que vos pido é que, de chegaren persoas de categoría, me deixedes este apousento, que xa eu vos acomodarei noutros ben xeitosos.

LEONARDO.- Non faltaba máis.

POUSADEIRO.- Ah, aí hai unha dama que está hospedado na pousada..., cando ve homes vai por eles.

CONRADO.- ¿É rica?

POUSADEIRO.- Eu non estou ó tanto da súa vida.

(Entra a MARQUESA)

MARQUESA.- Con permiso. ¿Pódese pasar?

CONRADO.-Por min, avante.

MARQUESA.-Servidora das vosas mercedes, señores.

LEONARDO.-Servidor humildísimo.

CONRADO.- Teña os máis respectuosos saúdos.

MARQUESA.- *(Ao POUSADEIRO)* ¿Son hóspedes?

POUSADEIRO.- Si, excelencia. Viñeron honrar esta pousada.

CONRADO.- *(Aparte)* ¡Carafío! ¡É unha "excelencia"!

LEONARDO.- *(Aparte)* A Conrado xa lle botou o ollo.

MARQUESA.- *(Ao POUSADEIRO)* ¿E quen son estes señores?

POUSADEIRO.- Este é o Barón Conrado do Outeiro e este o Conde Leonardo do Solleiro.

MARQUESA.- ¡Respetabilísimos cabaleiros!

CONRADO.- ¿E vós quen sodes, miña señora?

MARQUESA.- Eu sónvo-la Marquesa de Forlipópoli.

LEONARDO.- *(Aparte)* O pousadeiro quere seguir coa comedia.

CONRADO.- Compráceme te-lo honor de coñecer a unha dama tan principal.

MARQUESA.-No que poida servilos estou á súa disposición. Práceme que viñesen a esta pousada. Encontrarán un patrón moi atento.

POUSADEIRO.- Esta dama está chea de bondade.

CONRADO.- Querida señora Marquesa, ¿e non nos faría un pouquiño de compañía?

LEONARDO.- ¡Xantará connosco!

MARQUESA.- Si, de bo grado. (Baixiño, ao **POUSADEIRO**) Ei, Mirandolo, non teñas ciúmes, xa sabes que son túa.

POUSADEIRO.- (Á *Marquesa*) Non faltaba máis; prácame que se divirta.

CONRADO.- Seréde-la nosa contertulia.

LEONARDO.- Non coñecemos a ninguén. Non vos temos máis que a vós.

MARQUESA.- ¡Meus cabaleiros queridos! De corazón vos servirei.

(*Entra a Condesa, con Florinda*)

CONDESA.- Mirandolo, estábate buscando.

POUSADEIRO.- Estou aquí, con estes nobres cabaleiros.

CONDESA.- ¿Cabaleiros? Súa atentísima.

CONRADO.- Servidor (*Baixiño, a Leonardo*) Esta seméllame pan de máis miolo, ten criada e todo.

CONDESA.- Florinda, calquera cousa que precisen estes cabaleiros, ten a ben axudalos.

FLORINDA.- Así o farei, señora. Cabaleiros, quedo a vosa disposición.

CONDESA.- Mirandolo, con licencia destes cabaleiros, quero falarche unha cousa.

CONRADO.- Por nós, perda coidado.

CONDESA.- Florinda, dame a caixiña.

FLORINDA.- Aquí ten, señora.

CONDESA.- Mirandolo, repara nestes xemelgos de ouro.

POUSADEIRO.- ¡Bonitos de vez, si, señor!

CONDESA.- Pois son para ti

MARQUESA.- (*Aparte*) ¡Mal raio parte a esta Condesa, o seu ouro, o seu diñeiro e o demo que a leve!

POUSADEIRO.- ¡Ah, non, non, diso nada!

CONDESA.- Non me farás esa descortesía.

POUSADEIRO.- Ah, descortesías eu non llas fago a ninguén. Vounos coller para non contrariala.

MARQUESA.- ¡Está bonito! Gabarse en público dun grande gasto... Daquela, meus cabaleiros, xantarei convosco.

CONRADO.- E vos, señora, ¿quen sodes?

CONDESA.- Son a Condesa de Albaflorida, para servirvos, a vosa disposición.

MARQUESA.- Cabaleiros, se cadra están cansós de estar a pé. ¿Queren que os acompañe aos seus aposentos?

CONRADO.- (*Con desprezo*) Grazas, non.

CONDESA.- Quedo ao voso servizo. ¿Veñen sós?

CONRADO.- Estamos sós, señora Condesa. Xa vos diremos por que.

CONDESA.- Florinda.

FLORINDA.- Señora.

CONDESA.- Goberna, coa criada da pousada xantar para tres no meu aposento. (A Leonardo e Conrado) ¡Concédanme ese honor!

CONRADO.- Aceptámo-la vosa cortesía.

MARQUESA.- Mais... estes cabaleiros convidáronme a min.

CONRADO.- Vamos, vamos, señora Condesa. A señora Marquesa pode agasallarnos doutra volta (*Vaise*)

MARQUESA.- Conde, Conde, habédesmas pagar. (*Vaise*)

CONDESA.- Querido Mirandolo, ¿moléstache que atenda a estes cabaleiros?

POUSADEIRO.- Nadiña, señora.

(O pousadeiro, só)

POUSADEIRO.- Con tanta fortuna e tanto agasallo non terá nunca o meu namoro, e aínda menos a Marquesa co conto ese da posición.

NAI PANTASMA.- Fillo, claro... pero de ter que escoller, escolle á que máis gasta. Pero eu sei que ningunha das dúas che importa un pito.

POUSADEIRO.- Sábelo ben, miña nai.

NAI PANTASMA.- Xa sei: entrouche a petada de namorar a Señora da Penacrecha, e non sei se terás a maña deses dous cómicos, pero valo intentar. Mentres a Condesa e a Marquesa estean enredadas con eses dous non che darán a lata e terás campo aberto para traballar á Señora.

POUSADEIRO.- Máis tarde ou máis cedo acabará caendo, malia a súa vontade.

FIN DO PRIMEIRO ACTO

ACTO SEGUNDO

(*Comedor da pousada, coa mesa aparelhada para xantar e unhas cadeiras. A Señora da Penacrecha, a súa criada, despois Fabricia. A Señora pasea cun libro. Fabricia pon o caldo na mesa*)

FABRICIA.- (Á criada) Dille a túa ama que se quere comer, que o caldo está na mesa.

CRIADA.- Tamén llo podes dicir ti.

FABRICIA.- É unha muller tan rara que prefiro non falarlle moito (*Vaise*)

CRIADA.- Ilustrísima, o xantar está na mesa. (A Señora pousa o libro e senta na mesa)

SEÑORA.- Hoxe cómese máis cedo que outros días, ¿non?

CRIADA.- Vostede foi a primeira servida. (*Meleira*) Así é o amable pousadeiro (*Vaise un momento*)

SEÑORA.-Estoulle agradecida por esa deferencia, e vexo que o pousadeiro engaiólavos a todas. Nada, mañá marchamos. Que teime hoxe o que queira que para errenegar do meu noxo polos homes hai moito que rillar.

(A CRIADA, co guiso e outro prato)

CRIADA.- Di o patrón que se non lle vai o polo manda outra cousa.

SEÑORA.- A min vai todo. ¿E isto que é? *(Aparte)* Este home cada vez aprétame máis. Isto está excelente. Dille que está moi ben, que lle dou as grazas... Vaillo dicir axiña.

CRIADA.- ¿Axiña? *(Aparte)* ¡Que milagre! ¡Manda un cumprimento para un home!

NAI PANTASMA.- Parece que lle gusta a comida. Dase de conta que se Mirandolo fai sempre así non lle han de faltar hóspedes. Boa mesa, boa roupa. Ademais esta señora non pode negar que o meu fillo é amable. Pero o que máis estima del é a franqueza.

SEÑORA.- ... A franqueza.

NAI PANTASMA.-¡Si, a franqueza é do mellor que ten o meu fillo! ¿Por que non atura esta muller aos homes? Porque son falsos, aduladores, presumidos...

SEÑORA.- Pero esa franqueza...

(Entra a CRIADA)

CRIADA.- O pousadeiro agradece á señora a bondade que ten ó lle dar aprecio ás súas atencións.

SEÑORA.- Vaia, a este haberá que tratalo xenerosamente. Teño que lle pagar o dobre. Iso, tratalo ben e fuxir de contado. ¿A Condesa foi xantar?

CRIADA.- Si, ilustrísima, agora mesmo. Hoxe ten convite: dous cabaleiros están a xantar con ela.

SEÑORA.- ¿Dous cabaleiros? ¿Quen son?

CRIADA.- Hai pouco que chegaron á pousada. Non sei quen poidan ser.

SEÑORA.- ¡Que manía! Aínda non ve a un par de homes e xa lles anda ao rabo. A Condesa acabará arruinada, seguro. Mira, ¿e a Marquesa está con eles?

CRIADA.- Vai fóra, non se sabe nada dela.

SEÑORA.- ¡Xantar con dous homes! ¡Boa compañía! Sacaríanme o apetito coas súas carantoñas.

(Entra o POUSEIRO cun prato na man)

POUSADEIRO.- ¿Con permiso?

SEÑORA.- Cóllelle ese prato.

POUSADEIRO.- Perdón. Deixe que teña o honor de servila eu mesmo. *(Pousa a comida na mesa)*

SEÑORA.- Este non é mester voso.

POUSADEIRO.-¿Ah, señora, que lle son eu? Un máis. Un servidor de quen me faga o favor de parar nesta pousada.

SEÑORA.- (*Aparte*) ¡Que humilde! ... Mañá... imarcho! (*Alto*) Se ten que facer, por min non se entreteña.

POUSADEIRO.- Nada, señora; a casa ten criadas e cociñeiras dabondo. Quixera saber se lle está bo ese prato.

SEÑORA.- Encantada (*Próbaos*). Bo, exquisito ¡Que sabor! (*Á CRIADA, un pouco nerviosa*) Dáme de beber.

POUSADEIRO.- Este prato hai que o acompañar cun bo viño.

SEÑORA.- (*Á CRIADA*) Trae Borgoña, logo. Cantas distincións da súa parte para min.

POUSADEIRO.- ¡Ai, señora!

SEÑORA.- ¿Que pasa?

POUSADEIRO.- Verá: eu teño atención con todas, e mágoame pensar que non hai máis que ingratas.

SEÑORA.- (*Mainiño*) Eu non che serei ingrata.

POUSADEIRO.- Grazas.

SEÑORA.- ¿Xa comiches?

POUSADEIRO.- Si, señora

SEÑORA.- ¿Non queres unha fechiña?

POUSADEIRO.- Non sei que dicir. Aceptarei a fineza.

SEÑORA.- (*Á CRIADA*) Veña, un vaso. Así estás incómodo. ¿Queres sentar?

POUSADEIRO.- ¡Oh! Non merezo tanto, señora.

SEÑORA.- Veña, veña, estamos sós (*Á CRIADA*) Tráelle unha cadeira.

CRIADA.- (*Aparte*) Desta morre a miña ama; nunca tal fixera

POUSADEIRO.- Se o soubesen a señora Condesa e a Señora Marquesa, ¡pobre de min!

SEÑORA.- ¿E por que?

POUSADEIRO.- A de veces que me teñen convidado a beber algo ou a xantar, e sempre me neguei.

SEÑORA.- Escoitá (*Fálalle ao oído*) Non quixera que ti me fixeses cambiar de parecer.

POUSADEIRO.- ¿Eu, señora?

SEÑORA.- (*Á CRIADA*) Vaite.

CRIADA.- (*Aparte*) Xa entendo. A ama empeza a animarse. (*Vaise*)

SEÑORA.- Mirandolo, es un mozo agradable.

POUSADEIRO.- Ai, señora, non se mofe.

SEÑORA.- Escoitá. Quero dicirche unha cousa certa, certa: Ti es o primeiro home no mundo co que tiven a paciencia de tratar sen aquelarme.

POUSADEIRO.- Verá, mesmo eu sinto por vostede o que nunca sentín por ningunha outra.

SEÑORA.- Teño medo de que queiras facer que eu perda o meu acougo

POUSADEIRO.- (*Aparte*) Está a piques de caer.

SEÑORA.- (*Dálle o vaso con máis viño*) Toma

POUSADEIRO.- Graciñas. ¿A señora non bebe?

SEÑORA.- Beberei, si. (*Aparte*) Será mellor que me emborrache, que un demo escorrente ao outro.

POUSADEIRO.- (*Meleiro*) ¡Señora, miña dama!

SEÑORA.- ¿Que pasa?

POUSADEIRO.- Brinde. ¡Vivan as boas amigas!

SEÑORA.- ¡Vivan! (*con pouca gana*)

POUSADEIRO.- ¡Viva!

SEÑORA.- ¡Viva!

(Entra a MARQUESA)

MARQUESA.- Aquí estou de novo. ¿Que son eses "vivas"?

SEÑORA.- (*Alterada*) ¿Como?

MARQUESA.- Disculpade, aparecín sen avisar.

POUSADEIRO.- Señora, eu estaba aquí para servir á señora da Penacrecha. Sentínme algo indisposto e ela acudíume cunha fechiña de Borgoña.

MARQUESA.- (*Á SEÑORA*) ¿Iso é Borgoña?

SEÑORA.- Borgoña, si, señora.

MARQUESA.- Pero... ¿borgoña, borgoña?

SEÑORA.- Muller, eu como tal o paguei.

MARQUESA.- Eu entendo diso. Deixade que cate e xa vos direi eu se é ou non é.

SEÑORA.- (*Chama*) ¡Ei!

(*entra a CRIADA*)

SEÑORA.- (*Á CRIADA*) Un vasiño para a Marquesa.

MARQUESA.- Nin tan vasiño, o Borgoña non é un licor. Para poder xulgar, cómpre beber dabondo.

POUSADEIRO.- Señora da Penacrecha, xa estou mellor. Voume (*Érguese*)

SEÑORA.- Veña, quede.

POUSADEIRO.- (*Á SEÑORA*) ¿É unha orde? (*Senta*) Obedezo.

SEÑORA.- (*Aparte*) Cada vez comprométeme máis.

MARQUESA.- (*Comendo do que hai pola mesa*) ¡Mmm, que cousa tan boa! ¡Que cheiriño!
¡Que sabor!

SEÑORA.- (*Baixo, ao POUUSADEIRO*) A Marquesa vai ter ciumes por estares aquí connigo.

POUSADEIRO.- (*Baixo, á Señora*) Iso a min tanto me ten.

SEÑORA.- (*Como antes*) ¿Ti tamén es inimigo das mulleres?

POUSADEIRO.- (*Como antes*) Igual que a señora o é dos homes.

SEÑORA.- (*Como antes*) ¡Ai, raposiño! Ben o estar a ver ti: Estes meus inimigos empezan a vingarse de min.

MARQUESA.- Miña amiga, á vosa saúde (*Bebe*)

POUSADEIRO.- (*Baixo, como antes, á Señora*) A súa gabanza vai en desprezar aos homes

SEÑORA.- (*Igual, ao POUUSADEIRO*) E a túa en vencer a tódalas mulleres

POUSADEIRO.- (*Igual, meleiro*) A todas, non

SEÑORA.- (*Igual*) A todas, si.

MARQUESA.- (*Mirando ao POUUSADEIRO*) Eses teus ollos. Miña señora, eu estou perdidamente namorada deste home.

SEÑORA.- Canto volo sinto.

MARQUESA.- Eu sonvos ciumenta como unha besta. Déixoo estar preto de vós porque sei quen sodes; de non ser iso, non o soportaría. (*Vaise*)

SEÑORA.- (*Aparte*) Xa me empeza a amocar esta muller. ¡Que toliña está esa Marquesa! E fuches ti quen a fixo tolear.

POUSADEIRO.- ¿Son eu dos que fan tolear ás mulleres?

SEÑORA.- (*Desacougada*) Si... claro que si. (*Ofrécelle máis viño*)

POUSADEIRO.- Marcho, que eu non fago tolear a ninguén. Fago un brindis e voume axiña.

Un brindis que me deprendera a miña avoa:

Por Baco e por amor brindo

Que nos dan consolación

Pola gorxa baixa o viño

E polo ollos o amor.

Bebo o viño e cos meus ollos

Fago o que facedes vós. (*Vaise*)

SEÑORA.- ¿Que misterioso brindis é ese? ¡Ah, maldito! ¡Quéreme afundir! ¡Sabe insinuarse tan ben! Pois non. Voume da pousada. A este non o quero ver máis. Que non siga co enredo. ¡Malditos homes! Non quero saber nada deles. (*Vaise*)

(*Entran a Condesa, Conrado e Leonardo*)

CONDESA.- A Marquesa de Forlipópoli é unha muller curiosísima. Naceu nobre, iso non se nega; pero, entre a nai e máis ela fundiro a fortuna e agora non ten nin para vivir. Sen embargo, gusta de ser xenerosa. Sería un bo personaxe para unha das vosas comedias

LEONARDO.- Deixe, deixe. Temos uns actores que cando arremedan, sacan os tipos cuspidiños.

CONDESA.- Conmigo fixestes ben en descubrirvos. Así, aínda poderei facer algunha avantaxe por vós.

CONRADO.- A señora Condesa será a nosa protectora.

CONDESA.- Mirade, vouvos falar sinceramente. Valereivos no que poida, mais teño un certo compromiso que non me permitirá frecuentar os vosos apousentos.

CONRADO.- ¿Ten algún amorío a señora Condesa?

CONDESA.- En confianza direivos que si: o patrón da pousada.

CONRADO.- ¡Reconcio! ¡Parece mentira, señora Condesa, perder os ventos por un pousadeiro!

LEONARDO.- Pero, ¿que ten ese de bo?

CONDESA.- ¡Ah! Moito, moito. Ten inxenio.

LEONARDO.- No tocante ao inxenio ¿non o iredes a comparar con nós?

CONDESA.- Abonda xa. De calquera xeito, eu a amo a Mirandolo, e se querédes o meu favor teredes que falar ben del. E se non é así facede conta que non me coñecedes de nada.

CONRADO.- Oh, señora Condesa, por min digo que Mirandolo é o mesmo Adonis.

LEONARDO.- Si, si. Ten inxenio, é elegante, fala ben...

CONDESA.- Así está mellor. (*Mirando cara adentro*) ¡Eh! ¿Vistes esa que pasou pola sala?

CONRADO.- Vin.

CONDESA.- Pois esa évos outro personaxe de comedia

CONRADO.- ¿De que clase?

CONDESA.- Das que non poden ver aos homes

LEONARDO.- ¡Pobre tola!

CONRADO.- Terá algunha mala lembranza dalgún home.

CONDESA.- Non ho; nunca estivo namorada. Despréciaos a todos. Escoitade. Por facermos unha brincadeira. Se tendes azos de namoralo, palabra de señora que vos farei un bo regalo, aínda que penso que non conseguiredes nada.

CONRADO.- En pouco aprecio nos ten a señora Condesa.

LEONARDO.- Non somos meleiros como Mirandolo, mais ó cabo algo sabemos de como se move o mundo.

CONDESA.- ¿Queredes que a mandemos chamar?

CONRADO.- Como queira.

CONDESA.- (*Chama á súa criada*). Florinda, Florinda, acude aquí.

FLORINDA.- ¿Precisa algo, señora?

CONDESA.- Vai en busca da señora da Penacrecha, pídlle que veña aquí.

FLORINDA.- Axiña vou, señora. ¿Estará no seu apousento?

CONDESA.- Non, vira ir cara a cociña, estará alí.

FLORINDA.- De contado. (*Vaise*)

CONDESA.- ¡Ah! Velaí a Señora da Penacrecha. Será mellor que sigades a facer de cabaleiros nobres, para que se sinta obrigada a escoitarvos por educación.

LEONARDO.- ¿Ten home?

CONDESA.- Non os pode ver.

CONRADO.- ¿É rica?

CONDESA.- Sí, moito.

LEONARDO.- Deixea vir, deixea vir.

CONRADO.- A por ela.

(*Entra a SEÑORA da Penacrecha*)

SEÑORA.- ¿Seica queredes verme, señora Condesa?

CONDESA.- Si, perdoádeme a molestia.

SEÑORA.- ¿En que podo serviros?

CONDESA.- (*Indícalle aos dos homes que se acheguen*) Estes dous cabaleiros queren falar convosco.

SEÑORA.- Excúsenme, non teño tempo.

LEONARDO.- Só unhas palabras, señora.

SEÑORA.- Cabaleiros, teñen que perdoar, teño un asunto urxente.

CONDESA.- Querida amiga, é de boa crianza atender a dous cabaleiros tan nobres.

SEÑORA.- (*Con seriedade*) Disculpen. ¿En que podo servilos?

CONRADO.- Veredes señora... Sabede que certo asunto...

SEÑORA.- Alixeiren, señores, por favor, que teño un asunto urxente.

CONDESA.- (*Índose*) Xa vexo que a miña presenza vos cohibe. Confiéñse libremente á señora da Penacrecha que eu xa me retiro. (*Vaise*)

CONRADO.- Por favor, sentemos.

SEÑORA.- Perdoe, non teño ganas de sentar. Empezade a falar.

LEONARDO.- Precisamos o voso consello: Abandonáronnos as nosas esposas.

SEÑORA.- (*Alterada*) ¿Como? ¿E que consello teño eu para iso? (*Con intención de irse*)

Señores, o meu saúdo.

LEONARDO.- ¿Así nos deixa, sen consello?

SEÑORA.- Sintoo. Eu teño os meus problemas e estes asuntos son embrollados. Estimados cabaleiros, de min non podedes esperar nin consello nin axuda.

LEONARDO.- Ben, entón imos falarlle sinceramente.

SEÑORA.- ¿Que novo lerio é este?

CONRADO.- Non somos nobres cabaleiros.

LEONARDO.- Non.

SEÑORA.- ¿Non?

LEONARDO.- Foi unha broma da señora Condesa. Somos dous comediantes,

SEÑORA.- Esta ben, saúdos (*Quere irse*)

CONRADO.- Esperade un momentíño. Honrádenos un momento coa vosa amable conversa.

SEÑORA.- Teño que facer. Non podo pararme. ¡Dous comediantes! Non hai caso. Estou ben curada diso. Finxides en escena e fóra dela.

CONRADO.- ¡Recorcio! Ten máis de leiruca que de señora

SEÑORA.- ¿Cómo vos atrevedes vos que sodes un par de pindangos?

LEONARDO.- ¿¡Chamarme iso a min!?

CONRADO.- ¿¡A un home da miña clase!?

SEÑORA.- (*A CONRADO*) ¡Mira que cara de lagarto!

CONRADO.- (*Aparte*) Estúpida (*Vaise*)

SEÑORA.- (*A LEONARDO*) ¡E esa pinta de pailán!

LEONARDO.- (*Aparte*) Imbécil (*Vaise*)

(*Entra a CRIADA*)

CRIADA.- Señora.

SEÑORA.- ¿Que queres?

CRIADA.- A señora Marquesa agárdaa no seu aposento, seica quere falar coa vosa mercede.

SEÑORA.- ¿E que quererá agora? Diñeiro non me saca máis. Que agarde, xa se irá cando estea fata de esperar. Vai onda Fabricia y dille que me traia a conta axiña.

CRIADA.- (*Indo*) Como mande.

SEÑORA.- E ten os baus feitos para dentro de dúas horas.

NAI PANTASMA.- E terás que recoñecer que sintes un desacougo estrano por teres que marchar. Un proído que nunca sentiras.

SEÑORA.- Canto máis pronto me vaia, mellor. Si, homes, facedes dano incluso cando queredes facer ben.

(*Entra Fabricia*)

FABRICIA.- ¿É certo que queredes a conta, señora?

SEÑORA.- Certo, ¿onde está?

FABRICIA.- O patrón está a facela agora mesmo.

SEÑORA.- Tráeme aquí cando estea.

FABRICIA.- Facedes ben en pedila aquí. No voso apouso está a pesada da Marquesa.

iPobriña! Está namorada do patrón... pero Mirandolo vai ser meu.

SEÑORA.- (*Enfadada*) ¡A conta!

FABRICIA.- Sí señora, de seguida (*Vaise*)

NAI PANTASMA.- Todas perden o siso por meu fillo Mirandolo. Non é raro, se mesmo a ti estáche entrando xa unha ardentía... Lárgaste para tentar de dominar esa forza misteriosa...

SEÑORA.-¿Que vexo? ¡Mirandolo! Trae a conta na man. ¿Que fago agora? Terei que resistir este último asalto. Total, xa me vou dentro de dúas horas.

(*Entra o POUSADEIRO*)

POUSADEIRO.- (*Tristeiro*) Señora.

SEÑORA.- ¿Que pasa, Mirandolo?

POUSADEIRO.- Pediu a conta; aquí a ten

SEÑORA.- ¿Que tes?

POUSADEIRO.- Nada, señora. Sentoume mal algo que comín e estou certamente mareado.

SEÑORA.- (*Aparte*) Como non me vaia axiña (*Alto*) Veña, ánimo que enseguida te reporás.

POUSADEIRO.- (*Sen falar, cae esvaído nunha silla*)

SEÑORA.- ¿Mirandolo? ¡Ai de min! ¿Mirandolo? Esvaeceuse. Se cadra está namorado de min. ¿E por que non? ¿Non estou eu namorada del? Meu querido Mirandolo...

¿Querido? ¿Eu? ¿Dicirlle eu querido a un home? Pero... se esvaeceu por min. ¡Oh, que fermoso es! Teño que axudalo. ¿Hai alguén por aí? ¿Non hai ninguén? Axiña... irei eu.
(*Vaise*)

POUSADEIRO.- Desta acabou de caer. Son moitas as armas que temos os homes para vencermos ás mulleres. Aí ven de novo. (*Ponse na mesma posición*)

SEÑORA.- (*Regresa cun vaso de auga*) Xa estou aquí. Está claro que me ama (*Esparéxelle auga e el bule un pouco*) Ánimo, ánimo. Estou aquí meu amor. Non me irei polo de agora.

(*Entran a MARQUESA e a CONDESA*)

MARQUESA.- ¿Señora?

CONDESA.- Amiga.

MARQUESA.- ¿Mirandolo?

POUSADEIRO.- (*Érguese*) ¡Vaia!

MARQUESA.- Moi ben, señora da Penacrecha

CONDESA.- Bravo pola que non pode ver aos homes.

SEÑORA.- ¿Que impertinencia é esa?

CONDESA.- Acabou caendo a vosa ilustrísima (*Vaise*)

SEÑORA.- ¡Ah, ao inferno todos! (*Vaise*)

MARQUESA.- Esixirei unha satisfacción por esta afronta (*Vaise*)

POUSADEIRO.- O choio está feito, ¿nai? ¿andas por aí?

NAI PANTASMA.- Sempre ando por todas partes. Agora para rematar esta victoria terás que conseguir que o teu triunfo se faga público.

POUSADEIRO.- Si, para escaño das mulleres presuntuosas e para honor do noso sexo
(*Vaise*)

ACTO TERCEIRO

(Apousento con mesa e roupa para pranchar)

FABRICIA.- Señor

POUSADEIRO.- Prepara para poñéreste a pranchar... ¿Estás enfadada?

FABRICIA.- Eu polo señor estou disposta a me arrincar un ollo se fai falta. Mais xa vexo que sería en balde.

POUSADEIRO.- ¿Tan ingrata son?

FABRICIA.- Vostede non quere trato coas pobres. O que lle presta é a nobreza

POUSADEIRO.- ¡Miña guapa toliña! Se eu che contase. Anda vai pola prancha.

FABRICIA.- Xa vou, xa vou

POUSADEIRO.- Estas mulleres, canto máis se lles quere, aínda peor.

NAI PANTASMA.- ¡Pobre parviña! A ti, fillo, éche doado facer que as mulleres bailen ao teu son. E a Señora da Penacrecha, tan inimiga ela dos homes... agora, se ti quixeses, faría por ti calquera burrada,,,

(*Entra FABRICIA eponse a pranchar*)

(*Entra a CRIADA*)

CRIADA.- ¡Señor Mirandolo!

POUSADEIRO.- ¿Que pasa, amiga?

CRIADA.- A miña ama manda saúdos e quere saber como está

POUSADEIRO.- Dígalle que estou estupendamente.

CRIADA.- (*Entrégalle un frasquiño de ouro*) Manda que beba un pouquiño desta esencia de melisa que lle ha facer ben.

POUSADEIRO.- ¡¿Este frasco é de ouro?!

CRIADA.- É, si señor.

POUSADEIRO.- (*Rí*)

CRIADA.- ¿Rí o señor?

POUSADEIRO.- Rí porque me manda a medicina cando xa estou curado. Veña, beberei un pouco (*Bebe*) Toma (*Quere darlle o frasquiño*)

CRIADA.- Non. O frasquiño regálallo

POUSADEIRO.- Non. Lévelle o frasco

CRIADA.- Por favor. ¡Para ela será unha ofensa!

POUSADEIRO.- Menos leria e fai o que che digo.

CRIADA.- Levareillo logo (*Aparte*) ¡Que home! (*Vaise*)

POUSADEIRO.- (*A FABRICIA*) Vai preparar outra prancha, que parece fría xa.

FABRICIA.- Vou (*Vaise*)

NAI PANTASMA.- Iso si que estivo ben. Quedaches coma un santo con Fabrica ó lle rexeitar ese frasquiño de ouro á Señora.

(*Entra a SEÑORA da Penacrecha. O POUSADEIRO está lendo e arranxando os seus libros de hóspedes*)

SEÑORA.- (*Aparte, desde atrás*) Aí está. Non quería vir, pero o demo arrastroume.

POUSADEIRO.- (*Mírao de esguello e segue a arranxar as súas cousas*) Aí a está.

SEÑORA.- Mirandolo...

POUSADEIRO.- ¡Ah, Señora! Á súa disposición.

SEÑORA.- Teño unha queixa que lle dar: ¿Por que rexeitou o frasquiño que lle mandei?

POUSADEIRO.- ¿Que quería que fixese con el?

SEÑORA.- Usalo cando fose preciso.

POUSADEIRO.- Non volverei necesitalo. Non son dado a esvaecementos.

SEÑORA.- Faime o favor, colle o frasco. Disgustarásme,

POUSADEIRO.- ¿Que máis lle ten que un home a disguste?, se vostede non atura aos homes.

SEÑORA.- ¡Ah, Mirandolo! Xa non podo dicir o mesmo.. E é por influencia túa.

POUSADEIRO.- (*Rindo a escachón*) Bulra de min

SEÑORA.- ¡Ah, raposiño! ¿Bulro, eh? Anda, colle o frasquiño.. Cólleo que me vou alporizar.

POUSADEIRO.- (*Sen deixar de facer o que facía*) Grazas, grazas.

SEÑORA.- ¿Colles ou non?

POUSADEIRO.-Vale, vale (*Colle o frasco e bótalo con desprecio no cesto da roupa*)

SEÑORA.- ¿Ese é o aprecio que lle das?

POUSADEIRO.- (*Chama forte*) ¡Fabricia!

(*Entra FABRICIA coa prancha*)

FABRICIA.- (*Mirando á SEÑORA, con ciumes*) Xa vou.

POUSADEIRO.- ¿Que tes, semellas aquelada? ¿Estás mal?

FABRICIA.- Nada, señor

SEÑORA.- (*Aparte*) Non podo máis.

POUSADEIRO.- Anda, Fabricia. Vai descansar un pouco.

FABRICIA.- (*Garimeira*) Señor

POUSADEIRO.- Vai, vai.

FABRICIA.- - (*Aparte*) Non podo máis. (*Vaise*)

SEÑORA.- ¡Canto miramento coa criada! Nótase que estás namorado dela. E ti merecerías o amor dunha raíña.

POUSADEIRO.- ¡Se vostede fose unha raíña...! Ah, pero non. Que vostede non pode ver aos homes.

SEÑORA.- Non me atormentes máis. Xa te vingaches abondo. Estímote, amóte e pídoche compaixón.

POUSADEIRO.- ¿Compañón vostede?

SEÑORA.- Non sexas ríspido conmigo. É certo que te amo, xúrocho (*Tenta collerle a man e el rexéitaa*)

POUSADEIRO.- ¡Fabricial!

SEÑORA.- Chama a outra, que a esa non a aguanto.

POUSADEIRO.- Creo que se excede, señora.

SEÑORA.- Tesme que perdoar. Esta é a primeira vez que sinto o que é o amor. Amor, paixón, piedade.

POUSADEIRO.- Unha muller que á mañá non podía ver aos homes, agora pide amor e paixón. Non o entendo (*Aparte*) Morre, rebenta, aprende a desprezarse aos homes (*Vaise*)

NAI PANTASMA.- Entraches na gaiola e xa non ten remedio

SEÑORA.- Maldita a hora no que lle puxen o ollo a esa home.

(*Entra a MARQUESA*)

MARQUESA.- Señora inimiga dos homes, por fin caestes, ¿eh?

SEÑORA.- ¿Eu?

MARQUESA.- Si, estades namorada.

SEÑORA.- (*Furiosa*) Deixádeme en paz, non vaia ser o demo que saides mal parada (*Vaise*)

MARQUESA.- Está namorada, avergóñase e non quere que se saiba. Mais se cadra non quere que se saiba por que ten medo de min, ten medo de ser a miña rival. (*Mira no cesto*) ¡Lindo frasquiño! Parece de ouro, pero será de ouropel senon no no deixarían aquí (*Abre, cheira...*) É esencia de melisa.

(*Entra LEONARDO*)

LEONARDO.- Señora Marquesa, ¿que fai aquí soa?

MARQUESA.- Nada... cheiraba esta esencia.

LEONARDO.- ¿Será de ouro este frasquiño?

MARQUESA.- E non vai ser. Ouro do bo. (*Aparte*) Non distingue o ouro do ouropel.

LEONARDO.- ¿É seu, Señora Marquesa?

MARQUESA.- Meu, e voso se o queredes.

LEONARDO.- Agradecidísimo pola xentileza (*Gárdao*)

MARQUESA.- Escoitade, señor cabaleiro, que non volo vexa Mirandolo. É un lengoreteiro. Xa me entendedes.

LEONARDO.- Entendo. Só llo amosarei ao Barón Conrado. (*Vaise rindo*)

MARQUESA.- Mira que se chega a ser de ouro...

(*Entra a CRIADA*)

CRIADA.- (*Busca na mesa*) ¿Onde raios estará o frasco?

MARQUESA.- ¿Que busca vostede?

CRIADA.- Un frasquiño de esencia de melisa. Pediumo o señor Mirandolo, pero non o atopo

MARQUESA.- ¿Un frasquiño de ouropel?

CRIADA.- Non, señora, era de ouro.

MARQUESA.- ¿De ouro? (*Aparte*) ¡Ai de min! (*Alto*) Pero, ¿como deixou así un frasquiño de ouro?

CRIADA.- Esqueceulle, pero eu non o atopo. En fin, direillo. A culpa e del (*Vaise*)

MARQUESA.- Meu deus... en que lío me metín

(*Entra a CONDESA*)

CONDESA.- ¿Que me dices da boa nova, señora Marquesa?

MARQUESA.- ¿Que boa nova?

CONDESA.- A presumida Señora da Penacrecha, a despreciadora de homes, está namorada de Mirandolo.

MARQUESA.- Iso está ben. Que pene, en castigo da súa impertinencia.

CONDESA.- ¿E se Mirandolo lle dá o seu namoro?

MARQUESA.- Iso non pode ser, sabe todo o que fixen por el.

CONDESA.- Eu fixen por el ben máis ca vós. Está visto que cos homes canto máis se fai, menos se merece. ¡E eu tanto que gastei por el...!

MARQUESA.- ¡E eu que o agasallaba de continuo!

CONDESA.- Ela tamén lle fixo regalos.

MARQUESA.- Si, ¿e que lle deu?

CONDESA.- Un frasquiño de ouro con esencia de melisa. A súa criada contoullo á miña.

MARQUESA.- (*Aparte*) ¡Ai de min!

CONDESA.- Este home é un ingrato. Teño que deixalo a toda costa. Voume agora mesmo desta pousada indigna. E vós, que sodes unha dama de tanta alcurnia deberíades de face-lo mesmo.

MARQUESA.- Non se fale, somos tan amigas que marcharei con vós.

CONDESA.- Vamos pois, e vinguémonos desta muller desagradecida. Deixareivos cartos para pagar a débeda da pousada se vos cómpre.

MARQUESA.- Grazas, só ata que o administrador das miñas fincas me faga chegar a miñas rendas.

CONDESA.- Heille arruinar a pousada. Fixen que se fosen incluso os dous comediantes.

MARQUESA.- ¿Que comediantes?

CONDESA.- Leonardo e Conrado.

MARQUESA.- ¿Como? ¿Non son dous nobres cabaleiros?

CONDESA.- Non, son dous cómicos. Chegaron os seus compañeiros e acabou o conto.

MARQUESA.- (*Aparte*) ¡Ai, o meu frasco!

CONDESA.- Con ese voume vingar así. E a Señora da Penacrecha, que soubo finxir para me traicionar, xa me renderá contas doutro xeito. (*Vanse*)

(*Entra o POUSADEIRO que esperaba a que elas marchasen*)

POUSADEIRO.- ¡Pobre de min! ¡En menudo lío estou metido! (*Cerra todas as portas*)

NAI PANTASMA.- Agora estás arrepentido do que fixeches, ¿non?

POUSADEIRO.- Certo. O principio divertínme facendo correr atrás miña a unha soberbia, pero agora que rebenta coa furia....

NAI PANTASMA.- A grandes males, grandes remedios. Xa sabes que a única que che podería axudar é a boa de Fabricia. Sabes que é a muller que sempre quixen para ti, prometíchesme que casarías con ela. Cun matrimonio así poderías salvar os teus intereses, a túa pousada e non perxudicarías a túa liberdade.

(A SEÑORA chama desesperada. O POUSEIRO chama por outra porta a FABRICIA)

FABRICIA.- Está feita un feixe de demos. Estes líos pasar por ser un home sen ninguén. Se fose casado.

POUSEIRO.- Certo, falas ben, teño pensado casar.

FABRICIA.- Lémbrese da súa nai.

POUSEIRO.- Lembro, muller, lembro. *(Vaise)*

(Entran a CONDESA e a MARQUESA)

CONDESA.- ¿Que pasa?

MARQUESA.- ¿Que balbordo é ese?

FABRICIA.- *(Baixiño)* Señoras, por favor. A Señora da Penacrecha quere derrubar esa porta. Abrirei.

SEÑORA.- Por Satanás, ¿onde anda?

FABRICIA.- ¿A quen busca, Señora?

SEÑORA.- ¿Onde vai Mirandolo?

FABRICIA.- Eu qué sei.

SEÑORA.- Pérfido. Eino atopar.

FABRICIA.- *(Aparte)* Agora si que se pon a cousa seria *(Vaise)*

CONDESA.- ¿Veo, señora? Non é bo rir das debilidades das outras, cando se ten un corazón feble coma o voso. Ben coñezo a fonte do seu desacougo. ¿Non sentides vergoña polo voso mal proceder?

SEÑORA.- Toda a miña vergoña está en escoitarvos sen vos chamar mentireira.

CONDESA.- ¿Mentireira eu?

MARQUESA.- *(Aparte)* A cousa empeora. *(Alto)* Eu voume

SEÑORA.- *(Páraa á forza)* Alto aí.

MARQUESA.- Veña, veña; apousade as dúas.

SEÑORA.- ¿Tamén vos sodes inimiga miña?

CONDESA.- ¡Que comportamento máis indigno!

(A SEÑORA e a CONDESA empezan a pelexar turrándose dos pelos)

MARQUESA.- Veña, que estades fóra de vos.

(Entran o POUSEIRO, FABRICIA e FLORINDA)

FABRICIA.- ¡Alto, señoras!

POUSEIRO.- ¡Altos, miñas señoras, alto!

FLORINDA.- Señora, por Deus. Deixéno estar. Señora condesa, señora condesa. ¡Señora, deixe á miña ama!

SEÑORA.- (*Aparte vendo a Mirandolo*) ¡Ah, maldito!

MARQUESA.- Ves, por culpa túa.

FLORINDA.- (*Aparte*) Si, todo por culpa del.

POUSADEIRO.- ¿Como por culpa miña?

CONDESA.- Velaquí á Señora. Está namorada de ti.

SEÑORA.- ¿Namorada eu? Mentides.

POUSADEIRO.- ¿Namorada de min? Señora Condesa, vostede trabúcase. Ela négao, e iso doime. A unha muller que non pode ver aos homes, ¿quen vai namorala? Tentei namorar a Señora da Penacrecha, pero non houbo maneira. A Señora non se namora.

SEÑORA.- ¡Voto ó ceo! Esas túas mañas, Mirandolo, merecerían un puñal no corazón.

POUSADEIRO.- Non se alporice, Señora, porque estas damas dirán que está namorada de veras.

CONDESA.- Pois claro que está e non pode disimulalo.

FLORINDA.- Véselles nos ollos.

SEÑORA.- (*Irado*). Non, non o estou.

POUSADEIRO.- Alto, Señora, que aquí está en xogo a súa sona. Estas dúas damas coidan que a vosa mercede está namorada; cómpre sacalas do seu engano. Señoritas, que non ten ciumes non ama realmente, ¿verdade? Se a Señora da Penacrecha me amase non podería soportar que eu fose doutra, pero vaino soportar, verán...

SEÑORA.- ¿De quen quere ser?

POUSADEIRO.- De quen a defunta da miña nai gobernou que fose.

FABRICIA.- (*Ao POU SADEIRO*).- ¿Fala de min por acaso?

POUSADEIRO.- Falo, amada Fabricia. A ti, en presenza destas damas, quero pedirche a túa man de esposa.

SEÑORA.- (*Para si, desvariando*) ¡Ai de min! ¿Con esa? Non podo soportalo (*Alto*) Si, casa con quen che pete. Ben sei que me enganaches, ben sei que te estás a gabar para ti por téresme humillado. Fuxo dos teus ollos, maldigo os teus afagos, os teus finximentos (*Vaise*)

FLORINDA.- Que diga agora que non está namorada.

POUSADEIRO.- Deixémolo. Que quede aí a cousa. Xa pasou todo, xoguei a namorala e creo que todos corremos certo perigo por elo. Deixémolo xa. Fabricia, ven aquí, querida, dame esa man.

FABRICIA.- ¿A man? Amodiño, señor. Anda a enredar namorando á xente e ¿coida que eu quero casar con vostede?

POUSADEIRO.- Veña, parviña. Todo foi un xogo, un capricho. Cando case xa me conducirei mellor.

(Entra a CRIADA)

CRIADA.- Señor, antes de irnos, véñolle a presentar os meus respectos.

POUSADEIRO.- ¿Vanse?

CRIADA.- Si, a ama xa mandou aparellos carruaxes. O meu agradecemento e o meu saúdo a vos e á vosa compañía. (*Vaise*)

POUSADEIRO.- Foise, gracias a Deus.

CONDESA.- Mirandolo, solteiro ou casado, conta coa miña axuda.

MARQUESA.- E conta tamén coa miña amizade.

POUSADEIRO.- Señoritas, agora que vou casar, non quero protectores, nin namorados, ni agasallos. Ata agora enredei e fixen mal, arrisquei en demasía. Todo iso acabou: esta é a milla muller.

FABRICIA.- Amodo, señor. Primeiro temos que chegar a un acordo.

POUSADEIRO.- ¿Que acordo?

FABRICIA.- Ben, dareille a miña man.... Pero despois...

POUSADEIRO.- Pero despois, si muller, serei todo teu. Non te preocupes, eu vou amar sempre, dareiche a miña alma

FABRICIA.- (*Dalle a man*) Ten, querido, non podo máis.

POUSADEIRO.- (*Aparte*) Traballo feito. (*Alto*) E vostedes, miñas damas, agora que vou casar, pídolle que procuren outra pousada. Mudando de estado, quedo mudar de costume. Miñas queridas señoritas, tiren proveito desta historia para avantaxe e firmeza dos seus corazóns, e cando estean a piques de dubidar, a piques de afrouxar e de caer, pensen nas lideiras que aquí viron e lémbrense do Pousadeiro.

FIN

SEÑORA.- (*Para si, desvariando*) ¡Ai de min! ¿Con esa? Non podo soportalo (*Alto*) Si, casa con quen che pete. Ben sei que me enganaches, ben sei que te estás a gabar para ti por téresme humillado. Fuxo dos teus ollos, maldigo os teus afagos, os teus finximentos (*Vaise*)

FLORINDA.- Que diga agora que non está namorada.

POUSADEIRO.- Deixémolo. Que quede aí a cousa. Xa pasou todo, xoguei a namorala e creo que todos corremos certo perigo por elo. Deixémolo xa. Fabricia, ven aquí, querida, dame esa man.

FABRICIA.- ¿A man? Amodiño, señor. Anda a enredar namorando á xente e ¿coida que eu quero casar con vostede?

POUSADEIRO.- Veña, parviña. Todo foi un xogo, un capricho. Cando case xa me conducirei mellor.

(Entra a CRIADA)

CRIADA.- Señor, antes de irnos, véñolle a presentar os meus respectos.

POUSADEIRO.- ¿Vanse?

CRIADA.- Si, a ama xa mandou aparelalos carruaxes. O meu agradecemento e o meu saúdo a vos e á vosa compañía. (*Vaise*)

POUSADEIRO.- Foise, gracias a Deus.

CONDESA.- Mirandolo, solteiro ou casado, conta coa miña axuda.

MARQUESA.- E conta tamén coa miña amizade.

POUSADEIRO.- Señoritas, ata agora enredei e fixen mal, arisquei en demasía. Todo iso acabou: esta é a milla muller.

FABRICIA.- Amodo, señor. Primeiro temos que chegar a un acordo.

POUSADEIRO.- ¿Que acordo? Muller, serei todo teu. Non te preocupes, eu vou amar sempre, dareiche a miña alma

FABRICIA.- Ben, pero... se vamos casar, non quero protectoras, nin namoradas, nin agasallos. Dareiche a miña man....

POUSADEIRO.- ¿Pero...?

FABRICIA.- (*Dalle a man*) Ten, querido, pero vostedes, miñas damas, agora que vou casar, pídolle que procuren outra pousada. Mudando de estado, Mirandolo mudará de costumes. Miñas queridas señoritas, tiren proveito desta historia para avantaxe e firmeza dos seus corazóns, pensen nas lideiras que aquí viron e lémbrense do Pousadeiro.

FIN

